



Sistema de monitorización e análise de datos de ocupación de establecementos aloxativos



31.05.2023



17:00 – 18:30 H



CENTRO GAIÁSTECH E STREAMING

Cal é o programa?

O Cluster de Turismo de Galicia vai a por a disposición das empresas de aloxamento (que contan con un PMS-Property Management System) dun Sistema de monitorización e análise de datos de ocupación para establecementos aloxativos, facilitando a xestión e proporcionando unha información de notable interese para as empresas. Este sistema non terá custe para quen se suma ao programa.

A sesión axustarase ao seguinte programa:

- › Presentación do Sistema de monitorización e análise de datos de establecementos aloxativos: análise histórico e prospectiva de ocupación.
- › Modelos de adhesión.
- › Experiencias noutros contornos xeográficos
- › Rolda de preguntas

Quen organiza?

O **Cluster de Turismo de Galicia** organiza este evento en colaboración coa empresa **Optimizadata**, que se encarga da súa implementación técnica. **Optimizadata** leva 4 anos en colaboración con Hosbec na comunidade valenciana con un proxecto de similares características.

Cando e onde?

31 de maio de 2023

De 17:00 a 18:30 H

- › **Presencial: Centro GaiásTech** (Edificio Centro de Emprendemento Creativo (CEM), Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela)
- › **Streaming**

Para quen?

Propietarios e directivos de empresas de aloxamento de Galicia.

Por que?

O obxectivo da sesión é por a disposición das empresas de aloxamento un sistema que permita comparar os datos de ocupación con respecto ao destino ou empresas similares no destino, os prezos, evolución, etc. Así redúcese o risco na toma de decisións empresariais e incrementase a rendibilidade dos establecementos.

Inscríbete!

